

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación de pais de persoas con Trastorno de Espectro Autista "TEA" da Provincia da Coruña (ASPANAES)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **IGNACIO LABELLA LOZANO**, con DNI 44.816.989-V, en calidade de presidente da Asociación de pais de persoas con Trastorno de Espectro Autista "TEA" da Provincia da Coruña, (en adiante ASPANAES), elixido para este cargo segundo a Asemblea Xeneral Ordinaria de data 26 de setembro de 2020, con CIF G-15048937 e domicilio social no lugar Camino de la Iglesia 40 baixo, 15009 A Coruña; inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administracións Públicas, conforme resolución de data 5 de decembro de 1979, actualmente Rexistro Provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, correspondéndolle o número 824, e declarada de Utilidade Pública polo Ministerio de Xustiza e Interior, en virtude da Orde de 9 de abril de 1996.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (en diante TEA).

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira".



4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado" e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que ASPANAES é unha entidade privada de iniciativa social sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio de Xustiza e Interior, en virtude da Orde de 9 de abril de 1996, que ten como misión reivindicar e promover os dereitos das persoas con autismo e os seus familiares, para que os exerzan nas mesmas condicións que o resto da cidadanía.

6. Que a ASPANES ten como obxecto primordial, tal e como se explicita no artigo 4 dos seus Estatutos, "o benestar das persoas con TEA".

7. Que ASPANES é unha entidade que ten entre as súas principais finalidades (tal e como se explicita no artigo 4 dos seus Estatutos) as seguintes:

a) Promover o benestar das persoas con TEA, a través de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais, deportivas, laborais e formativas, mediante a promoción, creación, organización o patrocinio de centros de diagnóstico e avaliación, unidades de atención especializada, investigación e experimentación, centros de terapia, residencias, centros de día, centros ocupacionais, centros de emprego e outros, en conformidade cos plans de actuación que aprobe Asemblea Xeral e cumprirá con cantos requisitos sexan establecidos por la lexislación vixente.

b) Igualmente, a Asociación exercerá en xeral a representación e defensa dos intereses das persoas con TEA, así como a súa tutela legal, cando esta proceda.



As persoas que esta Asociación atende contan cun diagnóstico de TEA ou con necesidades de apoio similares.

c) Os Trastornos do Espectro do Autismo (TEA), son un tipo de trastornos do neurodesenvolvemento caracterizado por:

- Alteracións persistentes na comunicación social e na interacción social en diversos contextos.
- Padróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

En consecuencia, a Consellería e ASPANES acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*



O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e ASPANAES nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de ASPANAES nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
2. A Consellería e ASPANAES colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de ASPANAES nos centros docentes dependentes da Consellería con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de ASPANAES debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:



- a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.
- b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
- c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
- d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Asociación de pais de persoas con Trastorno de Espectro Autista "TEA" da Provincia da Coruña (ASPANAES)*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de ASPANAES e as familias do alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.
2. O profesorado tutor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno



relacionado co TEA, en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de ASPANAES nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con TEA ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral con ASPANAES e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación de pais de persoas con Trastorno de Espectro Autista "TEA" da Provincia da Coruña (ASPANAES) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.



2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de



discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da



notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

POLA ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS
CON TRASTORNO DE ESPECTRO
AUTISTA "TEA" DA PROVINCIA DA
CORUÑA (ASPANAES),

O CONSELLEIRO,

O PRESIDENTE,

Román Rodríguez González

Ignacio Labella Lozano

